

SOMOS POETAS TRANSFORMADORES/AS

Facer un poema enteiro ten o seu aquel...Non sempre atopamos as palabras necesarias, non sempre temos a inspiración, nin o día...Pero que tal se comezamos por transformar un poema dun dos/as nosos/as autores/as preferidos/as? Ao mellor quédanos mellor ca o orixinal!!!

Quitámoslle algunhas palabras e... facemos a nosa versión “persoal e intransferible”, e por iso queremos amosarllas a todos e todas na nosa radio así que para que quede realmente ben, deberemos buscar unha música e efectos especiais axeitados.

Deberedes repartirvos as poesías e faredes un **guión** coa parte que vos toca ler a cada un/ha.



Despois debedes buscar unha música axeitada e os efectos sonoros que poidan encaixar coas distintas partes do conto. Poderedes buscar esta música e os efectos na librería de youtube

<https://www.youtube.com/audiolibrary/music> ou no banco do Ministerio de Cultura

<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/> ou ben en <http://soundbible.com>



Deberedes chegar a un acordo para poñerlle un nome a este programa de poesías, e un lema. A continuación faredes o programa partindo da seguinte escaleta:

 Sintonía da radio ou do programa
Presentación do programa e a poesía que se vai ler: un presentador/a danos a benvinda e introduce aos participantes do programa e a poesía (título, autor/a)
Lectura da poesía: comeza a lectura do conto sen música de fondo nin efectos
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado
Sintonía da radio ou do programa 

Unha vez gravado o conto pasaremos a introducirle a música e os efectos sonoros.